

ACTA 20/19

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

- 2 DE DECEMBRO DE 2019 -

Na sala de Xuntas da Casa Consistorial, sendo as catorce horas e cinco minutos do día 2 de decembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que de seguido se relacionan, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

Presidente:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiros/as:

D.^a Iria Otero Romero

D.^a María López Álvarez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

Non asiste, previa escusa:

D.^a M^a Josefa Argibay da Silva

Secretaria: D.^a Virginia Fraga Díaz, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA:

- 1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 04.11.19 e 12.11.19**
- 2. PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO**
- 3. PROPOSTAS DA ALCALDÍA**
- 4. ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución da Xunta de Goberno Local, o sr. alcalde declara aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE 04.11.19 e 12.11.19

Acta da sesión ordinaria de 4 de novembro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada con data de 4 de novembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

Acta da sesión extraordinaria de 12 de novembro de 2019

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión extraordinaria celebrada con data de 12 de novembro de 2019.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

2.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO

A sra. secretaria da conta de que se trata de dúas propostas, unha de devolución de ICIO e unha de bonificación, e non de dúas bonificacións, como se expresa neste punto da orde do día.

2.1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DEVOLUCIÓN DE ICIO A D. MANUEL LAREO PÉREZ

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 19 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada por D.Manuel Lareo Pérez en data 23/10/2019 con nº RE 7202 pola cal solicitan a devolución do importe ingresado en concepto de ICIO por importe de 30,00€ debido ao seu desestimento.

Visto o informe de Intervención emitido ao respecto en data 19/11/2019, favorable á devolución.
Considerando o disposto no artigo 221.1 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, así como nos artigos 15 e ss. do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.-Estimar a solicitude presentada por D. Manuel Lareo Pérez en data 23/10/2019 con nº RE 7202, e recoñecerlle o dereito á devolución do importe aboado en concepto de ICIO por obra da que se desiste, que ascende a 30,00€.

Segundo- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.-Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.”.

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:

Primeiro.-Estimar a solicitude presentada por D. Manuel Lareo Pérez en data 23/10/2019 con nº RE 7202, e recoñecerlle o dereito á devolución do importe aboado en concepto de ICIO por obra da que se desiste, que ascende a 30,00€.

Segundo- Dar conta do presente acordo ao interesado, contra o cal poderá interpor o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 21 do RD 520/2005, de 13 de maio.

Terceiro.-Dar conta do presente acordo aos servizos económicos e urbanísticos aos efectos oportunos.

2.2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BONIFICACIÓN DE ICIO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA CASTIÑEIRO 7 – OS TILOS (REPRESENTADOS POR D. CARLOS RODRÍGUEZ PUENTE)

Dáse conta aos membros da Xunta de Goberno Local da proposta da alcaldía de 25 de novembro de 2019 que se recolle a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vista a instancia presentada en data 05/06/2019 por rexistro electrónico por D. Carlos Rodriguez Puente, pola cal solicita que se bonifique a cota tributaria do ICIO correspondente á obra de instalación de un ascensor na rúa Castiñeiro 7 de Os Tilos.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto en data 25/11/2019.

Considerando o disposto no artigo 103.2do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO e no artigo 9 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por expedición de licenzas urbanísticas, vixentes no concello.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de un acensor na rua Castiñeiro 7 de Os Tilos co seguinte resumo:

Base imponible:65.400€

Tipo de gravámen:2%

Cota íntegra:1308,00€

Bonificación:10%=130,80€

Segundo: Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL

Á vista da proposta transcrita, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes e por delegación da alcaldía (Decretos de 3 de xullo de 2019 (res. 522/19 e 526/19), acorda:

Primeiro: Estimar a solicitude prantexada polo interesado e conceder unha bonificación do 10% da cota tributaria íntegra do ICIO correspondente á obra de instalacion de un acensor na rua Castiñeiro 7 de Os Tilos co seguinte resumo:

Base imponible:65.400€

Tipo de gravámen:2%

Cota íntegra:1308,00€

Bonificación:10%=130,80€

Segundo: Dar conta do presente acordo ao interesado, quen poderá interpoñer o recurso de reposición a que fai referencia o artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, TRLRFL

3.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA.

Entrados neste punto non se presenta ningunha.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Entrados neste punto non se presenta ningún/ha.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as catorce horas e dez minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria xeral

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz